



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

- Na Constitución Española, no artigos 49 e 50, insta ao establecemento dun sistema de servizos sociais, promovido polos poderes públicos, que permita garantir a protección e atención axeitada que necesitan determinados grupos de poboación como as persoas en risco ou situación de exclusión social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte as competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20ª da Constitución española, ten a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

De conformidade co disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o artigo 1 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndelle a este órgano actualmente a execución da dita competencia.

Facendo uso destas atribucións, regulou e desenvolveu o Sistema Galego de Servizos Sociais, actualmente a través da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Así mesmo, en virtude da Lei estatal 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece o sistema de atención ás persoas en situación de dependencia.

Tendo en conta a normativa antes mencionada, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 24 de setembro de 2013. A través da dita norma defínese a carteira de servizos sociais de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia de xeito amplo e centrándose na especialización, por colectivos de dependencia, a fin de acadar unha atención máis centrada nas necesidades da persoa tendo en conta o grao de dependencia recoñecido. Ponse en marcha os servizos dende unha perspectiva de atención integral, a





profesionalización, o respecto, autonomía e participación das persoas nas actividades e funcionamento do servizo, ao tempo de optimizar os recursos existentes. Nos capítulos I a IV establécese a contribución financeira das persoas usuarias dos sistema de dependencia.

2. Acerto e oportunidade

A partir do 1 de xullo de 2015, data de incorporación das persoas recoñecidas con grao I dentro do sistema de prestacións de dependencia, de acordo co calendario previsto na disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, faise necesario establecer os criterios para a participación financeira destas persoas en relación aos servizos de atención diúrna e d atención diúrna de media estación da carteira de servizos específicos para persoas dependentes con alzheimer. Así mesmo, tras a implantación da carteira, faise necesario reconfigurar ás porcentaxes de participación no custo dos servizos de atención diúrna terapéutica e dos servizos de atención diúrna terapéutica de media estadía da carteira de servizos específicos para persoas dependentes con alzheimer e da carteira de servizos específicos para persoas dependentes con dano cerebral, sobre a base da prestación dos servizos que require a específica situación de dependencia na que se atopan, coa contribución na medida da intensidade dosservizos recibidos.

De conformidade co exposto, cómpre a tramitación da modificación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, a través do presente proxecto que, tras o título e a parte expositiva, estrutúrase nun único artigo con dous apartados que recollen a modificación do Anexo II do Decreto:

a) a modificación das táboas de participación económica das persoas usuarias en relación aos servizos: 02103-servizo de atención diúrna terapéutica; 020104-servizo de aatención diúrna terapéutica de media estadía; 020105-servizo de atención diúrna; 020106.servizo de atención diúrna de media estancia, contidos na carteira de servizos para persoas dependentes con alzheimer (0201).

b) a modificación das táboas de participación económica das persoas usuarias en relación aos servizos: 020401-servizo de aatención diúrna terapéutica; 020402-servizo de atención diúrna terapéutica de media estadía, contidos na carteira de servizos para persoas dependentes con dano cerebral (0204).

Así mesmo, no proxecto recollese o mandato a tramitación da revisión dos programas individuais de atención das persoas dependentes usuarias destes servizos e un réxime transitorio en relación aos procedementos iniciados con anterioridade á modificación.

O exposto determina a necesidade da tramitación da modificación da norma en cuestión, sen que o seu contido teña incidencia económica incidindo en aspectos parciais da disposición.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.





Así, o centro directivo impulsor, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, remitiu á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa o borrador da disposición dividido nun único artigo con dúas divisións que recollen as modificacións da norma propostas, unha disposición adicional, unha transitoria e dúas disposicións derradeiras coa entrada en vigor. O texto remítese acompañado dunha memoria xustificativa e económico-financeira da dita modificación.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Consellería de Política Social o 01/09/2016 (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo da Apoio Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da 02/09/2016 (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería (Portal de transparencia e goberno aberto), na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Consta a recepción dunha observación a través da dita canle como se indica no expediente.

Coa apertura do trámite de audiencia, o proxecto remitiuse a dúas entidades representantes, Fegadace e Fagal,

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do exixido no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, os seguintes informes de ditames:

- . Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade
- . Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
- . Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos xunto coa nova memoria económica.
- . Certificado do secretario do Consello Galego de Benestar Social sobre o acordo en relación ao informe sobre o proxecto de decreto, órgano no que se encontra representada a Fegamp.

Así mesmo, solicitouse o ditame da Comisión de Cooperación Local

Na fase final os expediente someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 01/12/2017.

4. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Política Social e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da



Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, tras o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de Decreto polo que se modifica Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte, PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe

O subdirector xeral de coordinación administrativa

Francisco Tomás Couso González

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de coordinación administrativa, da Consellería de Política Social, considera que o proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu cust , polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

